



Concello do Porriño

EXPEDIENTE Nº: 2875/2026

II MERCADO SOSTIBLE: FLI – PO MARKET

BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO I MERCADO SOSTIBLE DO CONCELLO DO PORRIÑO

1º OBXECTO DO MERCADO

O Concello do Porriño, organiza o II Mercado sostible co obxectivo de dar oportunidade de vender ou trincar produtos de segunda man, nunha xornada que estará acompañada por actividades lúdicas, música en directo e postos de comida.

Este mercado é unha maneira sostible e ética de consumir roupa e minimizar o impacto da industria téxtil e os residuos que xera. Por elo o evento distribuíase en dúas tipoloxías de mercado onde, por un lado, queremos darlle recoñecemento a aqueles profesionais que conseguen darlle unha segunda vida ao produto e por outro aos particulares que queiran vender ou cambiar as súas pertenzas.

2º LUGAR, DATA E HORARIOS

Este mercado celebrarase o primeiro fin de semana de Xuño, os días 6 e 7 de Xuño do 2026 na praza 8 de Marzo situada en Avenida de Galicia.

O mercado desenvolverase no seguinte horario:

- Sábado: 11:30 a 22:00 horas
- Domingo: 12:00 a 21:00 horas

3º PARTICIPANTES E REQUISITOS

Poden participar no mercado sostible todas as persoas interesadas en ofertar os seus produtos sempre que sexan artigos de segunda man.

3.1 MERCADO DO SÁBADO DÍA 6 DE XUÑO

Para o mercado do Sábado día 6 de Xuño poderán participar os profesionais na materia. Os participantes que queiran participar deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou CIF, segundo o caso.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos, se é o caso.
- Xustificante de que a sociedade/autónomo cumpre coa normativa laboral en referencia ao traballador ou traballadores que van atender o posto, se é o caso.
- Xustificante de alta no IAE.





Concello do Porriño

- Póliza e recibo de pago do Seguro de Responsabilidade Civil, que debe cubrir a súa participación no evento.
- Certificado ou declaración responsable de estar ao corrente de pagos no concello do Porriño, Facenda tributaria, Seguridade Social e Facenda autonómica.
- Rexistro sanitario e copia da documentación que acredite estar autorizados para a elaboración e manipulación de alimentos, se é o caso.

3.2 MERCADO DO DOMINGO DÍA 7 DE XUÑO

Para poder participar neste mercado os particulares deberán presentar coa solicitude unha listaxe e copia do DNI dos que participen no seu posto. Ademais deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Ser persoas físicas maiores de 18 anos.
- Ser Persoa física de entre os 16 e 18 anos representados e autorizados polo pai/nai, titor/a ou representante legal. Neste caso, deberá presentar a maiores a autorización por cada un dos menores.

Como novidade, este ano os profesionais tamén poderán solicitar participar no domingo día 7 de xuño. Unha vez adxudicado os postos aos particulares, no caso de existir espazo, adxudicaranse aos profesionais.

3.3 En ambos os dous días, poderán participar:

1. Calquera profesional de alimentación poderá solicitar o seu posto, atendendo ao plano anexo as bases. Para elo deberá presentar a documentación reflexada no punto 3.1 e facer efectivo o pago da taxa correspondente.

Os postos de comida que dispoñan de cociñas, bombonas, asadores, grellas, brasas ou sustancias inflamables deberán estar protexidos, xa que poden supoñer un perigo para as persoas. Será obrigatorio que eses postos conteñan cun extintor homologado e en bo funcionamento de po seco de 6 K.. A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por este tipo de instalacións.

Todos os postos de degustación de comida e bebida deberán cumprir as normas básicas de seguridade e hixiene.

Todas aquelas persoas que manipulen alimentos ou bebidas estarán en posesión do carné de manipulador o manipuladora de alimentos.

2. Calquera asociación sen ánimo de lucro. Neste caso deberán presentar o documento que acredite a representación que ostenta, copia do CIF, copia do DNI do representante e listaxe de persoas que estarán no posto.





Concello do Porriño

A actividade terá carácter gratuíto para os particulares no mercado do domingo e as asociacións sen ánimo de lucro que participen no mercado tanto do sábado como do domingo. No caso dos profesionais e os postos de venda alimentaria que participen no mercado unha vez aceptada a solicitude deberán formalizar o correspondente pago de taxas previsto na Ordenanza municipal en vigor no ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra).

Queda totalmente prohibido o aluguer ou cesión a terceiros dos postos/espazos asignados

A ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos ambulantes situados en terreos públicos, así como industriais, estipula as seguintes cotas de aplicación:

Postos para a venda de xéneros e calquera outro na vía pública do núcleo urbano	1.32 €/m ² día
---	---------------------------

O número máximo de participantes (tal e como se recolle no anexo I das presentes bases) é de 45 postos tanto o sábado como o domingo e se adxudicaran por orde de inscrición.

O concello dispón de 20 postos que serán adxudicados por orde de inscrición. No caso de esgotarse eses 20 postos, cada participante levará, instalará e recollerá a súa propia infraestrutura (mesas, cabaletes, cadeira e decoración).

Os artigos susceptibles de venda ou cambio serán de segunda man e non deberá comportar ningún risco ou dano para o comprador (deberá gardar todas as condicións de seguridade e sanidade). Os propietarios dos produtos serán os únicos responsables da legal procedencia dos mesmos.

No caso do mercado do domingo, os artigos que se aceptarán son os seguintes:

- Xoguetes
- Disfraces
- Roupa e produtos téxtiles (excluindo a roupa interior ou restos de comercios).
- Complementos coma bolso, xoiería, bufandas, fulares, etc.
- Calzado.
- Libros, revistas, coleccionables e cómics.
- Mobiliario auxiliar ou de pequenas dimensións.
- Artigos informáticos.
- Obxectos de decoración, cadros ou produtos similares.
- Ferramentas, cerámica, cristal, pequena maquinaria e produtos similares
- Material deportivo
- Artigos para bebés
- Calquera outro produto de segunda man, que cumpra cos requisitos das presentes bases.





Concello do Porriño

Quedando excluídos para o mercado do domingo todos aqueles produtos de artesanía, de elaboración propia ou de restos de comercio. Así como estará prohibido a venta ou servizo de:

- Calquera produto ou obxecto que necesite licenza para poder venderse, incluíndo armas de calquera tipo, ademais de armas brancas.
- Calquera produto ou obxecto envasado que conteñan gases, líquidos ou que supoñan un perigo para os visitantes do mercado.
- Animais.
- Calquera produto que este roto ou en mal estado
- Calquera produto ou obxecto cuxa propiedade legal non é do expositor ou non teña autorización.
- Calquera produto ou obxecto que teña o seu orixe na pirataría cuxa propiedade foi obtida por vías ilegais.

4º) FORMA E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o día 11 de Maio as 9:00 horas ata o 2 de xuño.

As solicitudes presentaranse cumprimentando a instancia habilitada para o mercado de segunda man, que se presentarán dalgún dos seguintes xeitos:

- Presencialmente no Rexistro do Concello do Porriño de 9:00 a 14:00 horas
- A través da sede electrónica do concello do Porriño: <https://oporrino.sedelectronica.gal/info.0>

As persoas participantes deberán indicar na instancia o seguinte:

- Persoa solicitante do posto e representante en caso de ser menor de idade.
- Que tipo de produto vai ofertar dos indicados (todos os que queira).

5º) ZONA DE EXPOSICIÓN (MONTAXE E DESMONTAXE)

Cada participante terá a súa disposición os metros asinados onde poderá colocar unha mesa para a veda e/ou troco dos seus produtos. Ademais, poderá engadir soportes ou expositores para expor os artigos en venta, así como todo o que crean convinte para decorar o posto.

O horario de montaxe dos postos será o seguinte:

- Sábado: de 9:00 a 10:30. No caso de que as 10:30 da mañá o titular non tivera montado o posto, a organización poderá facer uso do mesmo.
- Domingo: de 10:00 a 11:30. No caso de que as 11:30 da mañá o titular non tivera montado o posto, a organización poderá facer uso do mesmo

O horario de desmontaxe será o seguinte:





Concello do Porriño

- Sábado: de 22:00 como mínimo e as 23:00 horas como máximo, debendo estar todo recollido as 23:30.
- Domingo: de 21:00 como mínimo e as 21:30 horas como máximo, debendo estar todo recollido as 22:00

A persoa responsable do posto será a encargada de deixar o espazo empregado en perfecto estado, eliminando tamén os posibles residuos.

6º) ADMISIÓN E ADXUDICACIÓN DO POSTO

Os postos serán adxudicados por orde de rexistro de entrada.

O Concello reservase o dereito de suspender o mercado polas condicións meteorolóxicas, por falta do número mínimo de expositores que cumpra os requisitos establecidos e de modificar a superficie ou sitio adxudicado, se as circunstancias excepcionais o requiren.

7º) OBRIGAS DOS EXPOSITORES

Os participantes asumen as seguintes obrigas:

1. Se o participante non acude ou non pode xustificar como motivo de forza maior, será excluído das próximas edicións.
2. No caso de que se detecte algún dos elementos que non están permitidos, será excluído das próximas edicións.
3. Sempre haberá unha persoa que supervise o posto
4. Manter un bo estado de limpeza e conservación dos postos e do espazo empregado.
5. Ter os prezos visibles
6. Montaxe e desmontaxe do posto
7. Asegurar a seguridade dos produtos expostos durante o desenvolvemento do mercado, contra roubos e danos que poidan ocorrer no posto. A organización declina calquera responsabilidade sobre a produción destes feitos.
8. Cada participante acepta a transferencia de dereitos de imaxe ao concello para publicar fotos ou vídeos da actividade que poda ser utilizados para os propósitos que considere oportunos, sempre no marco da lei.

8º) EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADE POR PARTE DA ORGANIZACIÓN

1. A organización non se fai responsable do que poida ocorrer entre o público e o vendedor. A organización non é interlocutor nin mediador.
2. A organización no se fai responsable do estado do material presentado polos participantes nin das condicións de venda do material.
3. A organización no se fai responsable dos danos, directos ou indirectos, ou de roubo do material exposto e que teñan lugar no recinto do





Concello do Porriño

mercado, durante as horas do mercado, incluído o tempo necesario para a montaxe e a desmontaxe.

4. A organización non se fai responsable dos danos, directos ou indirectos que puidesen causar as condicións meteorolóxicas do día do mercado.
5. Cada participante é responsable, de calquera dano ou lesión, directa ou indirecta, que se produce como resultado dunha mala posición dos materiais que trouxeron e están expostos no seu stand, eximindo á organización de calquera responsabilidade.

9º) Normas de organización

Os solicitantes coa presentación da súa solicitude aceptan as presentes bases e obríganse a cumprilas.

As bases de participación estarán dispoñibles na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios do concello do Porriño.

Segundo o regulamento de protección de datos persoais, as persoas solicitantes autorizan o tratamento dos datos facilitados polo concello do Porriño só cos fins asociados á xestión deste mercado. As persoas solicitantes poden exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación dirixíndose ao correo dpd@oporrino.org

Documento asinado electrónicamente.






Concello do Porriño






Concello do Porriño

Anexo.- Plano de distribución Postos







SOLICITUDE PARTICIPACIÓN NO MERCADO SOSTIBLE FLI - PO

Datos do solicitante dun posto no mercado sostible			
Nome e Apelidos:			
NIF/CIF:	Teléfono:	Localidade:	
Enderezo:			CP:
Datos da persoa representante en caso de ser menor (entre 14 e 18 anos):			
Nome e Apelidos:			
NIF:	Teléfono:	Localidade:	
Enderezo:			CP:

SOLICITO: Participar no mercado sostible FLI - PO do Concello do Porriño no día sinalado na presente solicite, con aceptación de cada unha das bases da convocatoria.

Día de participación*: Sábado <input type="checkbox"/> Domingo <input type="checkbox"/>			
*Sinalar o día de participación. No caso de participar ambos días sinalar os dous			
Stand*: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>			
*No caso de non cubrirse entenderase que non o precisa			
Nome do Posto:			
Número total de persoas no posto:		Participación de menores de idade (entre 14 e 18 anos):	
		<input type="checkbox"/> Si	<input type="checkbox"/> No
Descrición dos artigos a venda ou intercambio segundo a base quinta:			

Xunto coa solicitude, deberán achegar:

1) No caso dos Profesionais:

- Copia do DNI ou CIF, segundo o caso.
- Copia da última cota pagado do réxime de autónomo, se é o caso.
- Xustificante de que a sociedade/autónomo cumpre coa normativa laboral en referencia ao traballador ou traballadores que van atender o posto, se é o caso.
- Xustificante de alta no IAE.
- Póliza e recibo de pago do Seguro de Responsabilidade civil, que debe cumprir a súa participación no evento.
- Certificado ou declaración responsable de estar ao corrente de





Concello do Porriño

pagos no concello do Porriño, Facenda tributaria, Seguridade Social e Facenda Autónoma.

- Rexistro sanitario e copia da documentación que acredite estar autorizados para a elaboración e manipulación de alimentos, se é o caso.
- 2) No caso de particulares:
- Listaxe e copia do DNI dos que participen no seu posto.
 - Autorización e copia do DNI do representante legal ou representantes legais no caso de menores de idade.
- 3) No caso de asociacións:
- Copia do CIF
 - Copia do DNI da persoa representante
 - Listaxe das persoas que estarán no posto.

AUTORIZACIÓN USO DE DATOS PERSOAIS¹: autorízase durante o desenvolvemento desta actividade promovida polo Concello do Porriño, a realizar fotografías, individuais ou en grupo, para a súa posterior publicación na páxina web municipal e noutras publicacións editadas por este Concello (sitios web, redes sociais, revistas locais, etc.) coa única finalidade de promocionar as mesmas.

(1)Para os menores de 14 anos, deben asinar os seus representantes legais.

SINATURA: _____

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONCELLO DO PORRIÑO (NIF P3603900F)

FINALIDADES DO TRATAMENTO: A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a do RGPD) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

DESTINATARIOS DE LOS DATOS: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión d a súa solicitude;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas abrigas legais do Responsable.

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso,rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica na sección "Protección de Datos";

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@oporriño.org





AUTORIZACIÓN PARA MENOR DE IDADE

De conformidade coa normativa acerca dos menores de idade, mediante a presente, Eu, _____, maior de idade, con DNI/NIF núm. _____ e con domicilio en _____ en calidade de nai/pai/titor/titora.

AUTORIZO a _____, menor de idade, con DNI/NIF _____, nacida o día ____/____/____, a realizar a seguinte actividade:

PARTICIPAR NO MERCADO DE SEGUNDA MAN SOSTIBLE FLI - PO QUE SE CELEBRA O DÍA 7 DE XUÑO DO 2026.

A tales efectos, asumo toda a responsabilidade que se derive da súa participación nos actos ou actividades anteriormente citados.

Esta autorización terá vixencia a partir da data de firma indicada a continuación. En conformidade co expresado, firmo en _____, a _____ de _____ do 2026.

Firmado:

Nome e DNI _____

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONCELLO DO PORRIÑO (NIF P3603900F)

FINALIDADES DO TRATAMENTO: A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a do RGPD) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

DESTINATARIOS DE LOS DATOS: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión d a súa solicitude;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas abrigas legais do Responsable.

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso,rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica na sección "Protección de Datos";





Concello do Porriño

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@oporriño.org

